

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN EXECUTIVAS DE GALICIA PARA A VISUALIZACIÓN E APOIO A PROMOCIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DO PROXECTO "REFERENTES GALEGAS"

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, M^a Carmen Costas Martínez, en calidade de presidenta, que actúa en nome e representación da Asociación Executivas de Galicia con domicilio social no Hotel Oca Puerta del Camino, C/ Miguel Ferro Caveiro, s/n-C.P. 15703 de Santiago de Compostela, nomeada en virtude do acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria do 30 de maio de 2025.

Ás partes inverveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

O 28 de maio de 2025 asinouse o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Asociación Executivas de Galicia para o desenvolvemento do proxecto "Referentes Galegas" mediante o cal se dan a coñecer mulleres expertas das diferentes áreas do coñecemento e se recoñece o talento e o liderado feminino.

A finalidade das actuacións a subvencionar a través deste convenio consiste na execución e desenvolvemento de accións de impulso e visibilización do liderado feminino e da participación equilibrada de mulleres nos espazos de toma de decisións, entre elas, na esfera económica, política, cultural e científica.

A través deste convenio e no marco do proxecto "Referentes Galegas" subvenciónanse a creación dun plan de comunicación para dar visibilidade ás mulleres referentes galegas e dinamizar á sociedade para ampliar o número destas; organizarase un evento para reunir de forma presencial ás Referentes, creando espazos para aprender, construír e relacionarse; implementarase un plan de comunicación e campaña de relacións públicas.

O día 30 de maio de 2025 tivo lugar a Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación Executivas de Galicia na que se acordou o cambio de xunta directiva, que provocou trámites e xestións para o cambio de mandato que dificultou a posta en marcha nos prazos previstos das actuacións que se recollen no convenio.

En base ao anterior, resulta necesario modificar os prazos do período subvencionable así como o prazo de xustificación.

Por conseguinte, ambas as partes,



ACORDAN

Primeiro: Modificar o primeiro parágrafo da cláusula cuarta, relativa a gastos subvencionables, do seguinte xeito:

“CUARTA. Gastos subvencionables”

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan realizados e pagados entre **1 de xaneiro de 2025 e o 30 de novembro de 2025**.

Segundo: Modificar o primeiro parágrafo da cláusula sexta, relativa á xustificación da subvención, do seguinte xeito:

“SEXTA. Xustificación da subvención”

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o **1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025**, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade con data límite o **5 de decembro de 2025**.

Terceiro: Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura.

En proba de conformidade cos termos desta addenda, as partes comparecentes asinan este documento.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA
SOCIAL E IGUALDADE

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN
EXECUTIVAS DE GALICIA

Fabiola García Martínez

M^a Carmen Costas Martínez

